



En aplicación do previsto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio emite o preceptivo informe de legalidade relativo ó *Proxecto de orde pola que se establecen o procedemento e as condicións para a domiciliación do pago de determinadas débedas cuxa xestión ten atribuída a Axencia Tributaria de Galicia.*

A Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, regula no seu artigo 60 que o pago en efectivo das débedas tributarias poderá realizarse polos medios e na forma que regulamentariamente se establezan.

Doutra banda o artigo 96 da mencionada lei establece que a Administración tributaria promoverá a utilización das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos necesarios para o desenvolvemento da súa actividade e o exercicio das súas competencias, coas limitacións que a Constitución e as leis establezan.

Así mesmo a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, fai fincapé na necesidade de fomentar as novas tecnoloxías aplicadas aos procedementos xestores de tributos como un instrumento idóneo para conxugar os principios de eficacia da Administración tributaria e a limitación dos custos indirectos ao contribuínte.

A Administración tributaria autonómica tratou de impulsar as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para facilitar aos cidadáns o cumprimento das súas obrigacións. Neste sentido apróbase a Orde do 21 de xuño de 2006 pola que se regulan os procedementos de xestión recadatoria e a actuación das entidades colaboradoras cuxa disposición adicional segunda establece a posibilidade de solicitar a domiciliación do pago das débedas aprazadas ou fraccionadas e regula os requisitos e o procedemento para a solicitude de domiciliación.

Continuando nesta liña, a presente orde pretende facilitar ao máximo aos obrigados tributarios o cumprimento das súas obrigas de pago, mediante a regulación da domiciliación bancaria como un medio idóneo para o pago das débedas tributarias, coa conseguinte redución de custos para as partes interesadas.



A competencia para aprobar o proxecto de orde examinado correspóndelle ao conselleiro de Facenda, de acordo co artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

A Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio foi a competente para a elaboración da norma. Segundo o previsto no artigo 16.2º.1) do Estatuto da Axencia Tributaria de Galicia, aprobado polo Decreto 202/2012, de 18 de outubro, a proposta normativa elaborouse pola dirección da axencia.

A presente orde está composta de dezaseis artigos estruturados nun título preliminar relativo ó obxecto da orde, ámbito de aplicación e débedas cuxo pago pode ser domiciliado, un título primeiro onde se regula o procedemento de domiciliación tanto para o pago de autoliquidacións como para o pago de aprazamentos e fraccionamentos, e un título segundo dirixido ás entidades colaboradoras. Conta ademais cunha disposición adicional, unha disposición derogatoria, once disposicións finais e dous anexos.

O seu contido adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia que establece o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e das Administracións públicas.

Por outra banda, resultan cumpridos os trámites necesarios para a súa aprobación, segundo o establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Desde o informe do Servizo Técnico-Xurídico da fase inicial, na elaboración da disposición de referencia cumpríronse os seguintes trámites:

- 1.- Resolución de aprobación inicial do proxecto normativo.
- 2.- Resolución pola que se somete a información pública o proxecto de orde, publicada no Diario Oficial de Galicia do 22 de maio de 2018.
- 3.- Publicación no Portal de transparencia e Goberno aberto, na páxina web da Xunta de Galicia. Non se presentaron suxestións por esta canle.



- 4.- Informe tecnolóxico funcional da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da AMTEGA.
- 5.- Informe económico-financeiro da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.
- 6.- Informe da Asesoría Xurídica.

En consecuencia e de acordo co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio informa favorablemente o proxecto de orde de referencia, por estimar que queda garantida a súa legalidade, se ben deberá someterse ao ditame do Consello Consultivo de Galicia por ditarse en desenvolvemento dunha norma con rango de lei.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2019.

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio

O vicesecretario xeral

(Resolución do 20/03/2019)

Luis Emilio Araújo Rodríguez.